

## **AS PERSOAS QUE FOXEN DA GUERRA TEÑEN DEREITO A REFUXIARSE EN EUROPA**

Os países europeos, porén, néganse maioritariamente a cumpriren a lexislación internacional que os obriga a acollelas.

As nenas e os nenos que foxen da guerra, ás veces con temperaturas baixo cero, van exhaustos, sen mantas, sen calefacción, sen medicinas, e por suposto, sen escola. As doenzas respiratorias e intestinais polo frío e a mala alimentación son frecuentes. A axuda das ONG humanitarias non abonda. A unión Europea (UE), así e todo, só se preocupa por evitar que non entren máis refuxiados. Forzou a Grecia e a Turquía a fechar as fronteiras a chave e tranca. Os países balcánicos xa as pecharon e o Exeo tapónano os barcos da OTAN para que ninguén se coe polo mar.

No entanto, non todas as persoas que foxen dan guerra en Siria, van cara Europa. Moitas andan polo seu propio país á procura de lugares seguros. Outros foxen aos campos de refuxiados dos países veciños - varios millóns- , sobre de todo a Xordania, O Líbano e Turquía. Estes países fan un esforzo extraordinario para acollelas. O Líbano, con só cinco millóns de habitantes, acolle máis de un millón de refuxiados.

A maioría das nenas e nenos que residen nestes campos, e os que seguen en Siria, traballan para axudaren a familia.

Mais non son só sirios. Tamén foxen da violencia e da pobreza nenas e nenos afgáns, iraquís, iemenís, eritreos, somalís, nixerianos, gambianos e de varias partes do norte de África. A cuarta parte do millóns de fuxidos de calquera destes países que cruzaron o Mediterráneo en 2015 eran menores. Segundo as ONG, estas nenas e nenos, sofren a violencia que viron e padeceron.

A UE é para todas estas nenas e nenos un refuxio seguro. Todos eles teñen dereito a refuxiarse en Europa. A UE está obrigada a acollelos, non por caridade, senón porque os obrigan as leis internacionais. Porén, os gobernos europeos non están, en xeral, moi dispostos a cumprir as leis. Tampouco moitos europeos, que incluso agreden os refuxiados. Os partidos políticos xenófogos medran por toda Europa e obteñen moitos votos.

Todas as nenas e nenos que foxen teñen nome e apelidos, non son números . Ademais - é importante non esquecerlo- tanto eles como as súas familias só teñen un soño: que acabe a violencia- a pobreza é tamén unha forma de violencia- para regresaren canto antes ás súas casas.

**Xornal Papagaio.(2016,02) As persoas que foxen da guerra teñen dereito a refuxiarse en Europa. Actualidade.**